

## **Todo ben atado**

- Boas carreiras dos fillos
- Golpes ao réxime
- Medo a gadoupadas finais nos estertores
- S.Pedro, 1ª Epístola Universal, Cap. 2º, versículo 9:  
Mais vós sodes liñaxe escollida, real sacerdocio, nación santa, pobo adquirido por Deus, para que anunciades as virtudes de Aquel que vos chamou das **tebras á súa luz admirable**

## **LEMBRANZAS**

### **·da vila do Miño**

- libros e papeis do avó Xoaquín (recollidos aos poucos)
- mestre Caetano
- a Carmiña dos Cachenos
  - ¿Qué sería dela en Buenos Aires?
  - ¿En que igrexa andaría?
  - ¿Cómo se chamaría? → unha proclama entre protestantes porteños
- instituto antirrábico
- repenique da estación: unha badalada, a Vigo; dúas, a Monforte
- o hidropilano
- os vagóns reais: coches cama, salón, restaurante; e vagón de equipaxes
- trens propios: o dono de El Gaitero
- os C.F.P.
- o guarda-agulheiro Hernani da Conceição Rodrigues
- o río: as xangadas
  - desde a fiestra da casa: a casiña do barqueiro Vilela
    - remos (na enchente) e varas (na vazante)
- padre Domingos: os luteranos, o Banco da Inglaterra
- ruínas do pazo da Inquisición
- a eira de Oleiros
- a feira da vila portuguesa
- os amigos portugueses

### **·da República**

- a bandeira no balcón
- 29 puntos de José Antonio: separación Igrexa-Estado
- da conversión

### **·da guerra**

- o Carducho
- o Yáñez
- o Apocalipse
- o Solla
  - a corneta (recollida do faiado da fonda)
  - o certificado
- cartas: "En un lugar del frente" (datos concretos censurados)
- cartas aos cegos
  - a don Santiago desde Ávila
    - resposta sen letra, como, despois, don Miguel
- Brunete, Seseña, Calera y Chozas, Ebro, San Sadurní, Port Bou...
- Azaña ardía por todas as partes e os Ratas buscaban grupos de homes ou tanques, zoando coma demos rabiosos
- Seseña: ofensa ao protestante
  - mañá fría de agosto do 37

- “Batallón a formar, íar!
- Trens con soldados a cantar e con feridos caladiños
- O Ebro: a cota 496
  - moitos vehículos, nubes de po irrespirable
  - son das dum-dum explosivas
  - transmisións Morse por bandeira
  - enlace desarmado: non obrigado a matar sempre
  - brigadas internacionais: Líster (o pedreiro de Lucí) e El Campesino
  - irmandade (pola fala) dos galegos na trincheira
    - o horror dos dous irmáns que caeron xuntos no mesmo asalto
  - a corneta rusa
- prácticas de macanografía en Murcia
- Tomás: xenreira aos requetés “mexapías”
- a bala final: o derradeiro morto antes do cesamento de hostilidades
- despedida do Vicente: “Persevera no teu”

#### •da postguerra

- Despedida da Maruxa Gómez
- San Simón
  - visto desde a estrada / ferrocarril?
- Cáceres (estada curta pero importantísima: vital)
  - a fame negra
    - a Galaico-Estremeña: os compañeiros
    - Valencia de Alcántara
    - Brígida
    - Estrella de triste luz
  - a diarrea
  - o carboeiro mallado
  - cursos
    - electricidade
      - Elementos de Electricidade* → Negocio dos saltos de auga
    - química
      - Manual de Química Práctica* → A lixivia
    - don Armando, corcovado, con lentes e mandilón
      - manual de química práctica traducido do alemán
- Vicente
  - a Terra Santa → Belén, Xerusalén, o lago Tiberíades
    - Calma entre dúas guerras → Horror de Corea (China detrás)
    - “Deus sempre ha de estar á beira dos que o levan consigo e non tentan que El actúe contra outros

#### •da nova vila

- o Freire contra a Chachona
- misterio da protección do Freire
- o farmacéutico protector → visita na Coruña
- discurso de San Paulo ao gobernador Félix
- fuxidos:
  - fillos de Cristina e Aurelio, “semente do Evanxeo alá onde fosen”
  - fillos da Rosa da Ourela [CPRB]
- beatas
- a “manceba”, perfecta casada
- as Pelachas
- o Perucho da División Azul

- o Valeriano salva a vida á Chachona
- invasión dos aliados
- don Ovidio fixera cría na Marica do Queixeiro [CPRB]
  - morte do Pedro da Lomba
- morte do Zoqueiro
  - familia traidora
    - sen represalia da guerrilla → fin próxima

## 69

- novo coadxutor: rapaz de aldea próxima, que non pode evitar ollar con necesidade para as cativas
  - collido entre dous fogos
    - don Xesús ben lembrado por todos menos a beatas
      - visitara igrexas de todas as crenzas
        - (os cregos de aldea dicían que os protestantes lles erguían as saias ás mulleres)
- o CIT
  - falta de comprensión
  - temor a falta de apoio do exministro (“que non quedará mal” segundo don Gumersindo)
- o inglés
  - fálanlle del ao Xoaquín en Santa Cruz de Tenerife
    - seica andaba nunha taberna
    - o Valeriano avisa a policía: sen resposta
      - misterio ata o Xuízo Final
- nov:
  - casamento da Clara e o Emilio
    - emparentamento con familia ecuménica:
      - don Xesús no seminario, moi respectado
        - arranxa trato cun crego do Castiñeiriño → acordo
      - empresta a igrexa
        - asiste á cerimonia
      - actúa don José Cardona

Primeira epístola de san Paulo aos Corintios

Respostas a preguntas a cerca do casamento

“Aos demais dígolles eu, non El-Señor: se algún irmán ten muller descrente, e ela consente en habitar con el, non a deixe.

E se algunha muller ten marido descrente, e el consente en habitar con ela, non o deixe.

Porque marido descrente fica santificado na muller, e a muller descrente é santificada polo home. Doutra sorte, os vosos fillos serían inmundos mentres que agora son santos.

Mais, se o descrente se apartar, apártese; porque nese caso o irmán, ou a irmá, non está suxeito á servidume, que a vivir en paz somos chamados por Deus.

Pois, ¿de onde sabes, oh muller, se salvarás o teu home? Ou, ¿de onde sabes, oh marido, se salvarás a túa muller?

Emporiso cadaquén proceda segundo Deus lle repartiu, como El-Señor o chamou. É así que o ensino en todas as igrexas...”

- o Xoaquín vén para o casamento da irmá
  - trae gravador marabilloso
    - reproduce relato da Luisita:

·dec:

70

·xan:

·feb:

-queima da lancha do Cercado:

-conversa co mariño que instrúe o caso

-“Qué pena me da usted”

-“Pero usted es el juez”

-“Pero tengo que hacer lo que me mandan: usted es un extremista peligrosísimo y quien produjo los daños a su lancha es insolvente pero una persona adicta al Régimen desde siempre”

-sen lancha, busca traballo de mandadeiro

-o dono dille que ten que ir facer exercicios espirituais

·mar:

-incidentes na conca mineira asturiana

-interrogatorios con torturas

-documento da Comisión de Defensa Evanxélica, que subsiste e persiste:

-predicadores emprazados ante o Tribunal da Orde Pública por culto sen autorización gubernativa

-publicacións importadas confiscadas e elevadas a Ministrrio Fiscal por “ofensivas contra a confesión católica”

-igreja evanxélica clausurada por difundir publicacións “ofensivas contra a confesión católica”

-soldado adventista condenado a seis meses de prisión, dos seis anos que solicitara o fiscal (o Xosé aínda ten que facer a mili)

-suspensión de programas protestantes de radio “por intervención estranxeira na contratación” (de novo o acoso dos estranxeiros)

-irrupción de inspector da DXS en igrexa inscripta no rexistro do Ministerio de Xustiza, violando lugar de culto

-editor de revista protestante procesado e sancionado con 30.000 ptas.

·abril:

-o Cercado vai aos malditos exercicios (unha semana)

-fanlle foto ao lado dos adictos

-aínda ten que se afiliarse ao maldito sindicato vertical

-non lle dan o traballo por “sospeitoso”

·mai:

-o Cercado vai ao peixe malamente, de mariñeiro a soldo e quiñón

-10, inauguración da planta circular de Sargadelos

·xuñ:

-reflexión co Cercado: ir para a Arxentina ou non, o deber de cadaquén

-lembranza de oferta de traballo cando a expulsión da RENFE

-oferta de traballo no butano

-non: cadaquén ao seu oficio

·xull:

-11, morre Muñoz Grandes

-memoria do comandante Solla

-profesión terrible a de militar

-16, achado o corpo do xeneral Aramburu

-a Arxentina baixo a guerrilla

-27, morre O Homem

·ago:

-o Fariña mantén relacións ao máximo nivel

-co Cerillita no río

-co ministro defenestrado

- preitesía na barbería
- visitas con dominó á casa da praia
- comellada de agosto, tradicional
- cos cregos todos na casa do Cao Lousa
- alcalde a nivel de tanto ilustre visitante
- movemento musical in crescendo
- éxitos do Do Barro en galego
- Cardona: visita a Sobrado dos Monxes
  - viaxes en 4 Latas
  - gregorianos con pasmo de tanta beleza
  - comentarios:
    - marcha das igrexas: 90%, inscritas
    - réxime: colea o caso Matesa
- set:
  - nomeado Araúxo Iglesias para Ferrol
  - conflito cos obreiros do butano
- out:
  - decadencia das máquinas de coser
    - tricotosas
  - esplendor dos "transistores"
    - marabillas ata en onda curta
  - butano a explotar
    - inspector do Butano do Opus: con cilicio → mala baba perpetua
  - Sargadelos: fixemos a solicitude a Brandariz, e el fíxolla ao Isaac, acreditándonos, se ben xa coñecía a nosa historia e tiñamos fama de nunca devolver ningún xiro ou cobro). Fomos dos primeiros clientes de Sargadelos, indo buscar a mercadoría moitas veces coa furgoneta DKW ou outra Renault R4.
- nov:
  - 9, morre De Gaulle
  - o Cercado anda murcho en lancha allea
    - colocado: mostra de poder do Butano
      - empregado da gasolineira → encargado axiña
    - técnicas de enlace: fala con rapaces sospeitosos con moto
- dec:
  - 3, consello de guerra en Burgos contra membros da ETA
  - 4, estado de excepción en Guipúscoa polo secuestro do cónsul alemán
  - 17, manifestación de adhesión a Franco na Praza de Oriente
    - imaxe moi distinta da famosa
      - Franco é un vello decrépito
  - 28, o tribunal militar dicta seis penas de morte
  - 30, Franco conmuta as penas de morte
    - discurso de fin de ano: "Porque somos fuertes podemos ser generosos"

## 71

- xan:
  - plenitude dos negocios
    - venta da fundición, por non se poder facer cargo de administrala → ingreso → doazón extra á igrexa
    - cooperativa de electrodomésticos
      - convence dous colegas próximos → Fagor, o 1% de desconto
      - pedido conxunto
      - entrega a cadaquén o seu
- feb:
- mar:

- primeira neta
  - seguranza na fe
    - as mulleres transmiten o esencial
- abr:
  - idea do feirón:
    - nos estaleiros van deixar de traballar os sábados á tarde
      - ocasión de xuntar xente ávida da diversión que dá o comercio
    - 5.000 cartas
      - expor idea de feirón
      - consultar 5.000 familias da bisbarra → 5.000 nenos nas escolas
        - exposición aos mestres: un exercicio para os rapaces
- mai:
  - 27, ETA tenta secuestrar o cónsul francés en San Sebastián
- xuñ:
  - primeira campaña do CIT
- xull:
  - Fariña nomea Franco fillo adoptivo e predilecto (70)
    - entrega en Meirás do bastón de mando da vila
      - fotos nos xornais
  - comentarios sobre Jaime de Andrade / don Carlos in absentia: nunca entrará na novela
  - 25, o Cerillita, que se extingue, presenta en Santiago a ofrenda nacional ao Apóstolo (con soldo de capitán xeneral [CPRB])
- ago:
  - entrega do bastón de mando da vila en Meirás
    - don Diego na comitiva
    - xornal da Coruña: o Fariña presentou ao Caudillo “o CIT Ría y Río”
- xristo no local da Acc Cat
  - cantar en galego
  - o Xoseíño con eles, ecumenicamente
  - aparente diverxencia entre o Makarios e o Fariña
    - Festival da Ría
      - apoio do ex-ministro novo
- set:
  - idea do feirón en marcha:
    - exposición ao señor alcalde, que “concede audiencias” aos “colectivos interesantes”
      - aprendeu dos poderosos:
        - marca o tempo de audiencia
          - érguese cun “comprendido”
        - manda pasar os seguintes
          - neste caso aínda engade “Procedan vostedes logo”
          - dá a man
            - a falsidade do momento
              - ¿que lle pasará pola cabeza?
            - se cadra pensa que non se vai facer nada
  - out:
    - 1, nova manifestación na praza de Oriente
      - “Esta vez porque sí”
    - avances do proxecto do feirón
      - visitas ás escolas e reparto de pasquíns
      - procura de feirantes
      - anuncios nas feiras
      - anuncio á COPE e á RNE

- nov:
- 18, Franco: "Los partidos políticos nunca serán posibles en España"
- morte do mestre Caetano
  - “Pelo bem da sua alma, não o defraudes”
  - brincadeiras dos amigos

- dec:
- 7, morte en Madrid de Quiroga Palacios
- resposta masiva á proposta do feirón
  - 4.900 sis
  - algún non

## 72

- xan:
- 18, un comando de ETA secuestra un empresario para extorsionar
- na paz de nosa bisbarra, con permiso municipal comeza o feirón, que sería lugar e ocasións perfectos para vir con estandarte e música como nos tempos que alá van, se en España houbera a liberdade da Arxentina
  - seis feirantes, con polbeira de Melide e xamoneiro de Lugo

- feb:
- visita do empregado da navieira arxentina
  - historia propia
  - memorias da Maruxa
- o feirón medra sábado a sábado
  - receos polo ocorrido coa feira de gando
  - pero agora non hai bosta que manche os zapatos

- marzo:
- 8, en El Pardo: enlace matrimonial de María del Carmen Martínez-Bordiú con don Alfonso de Borbón, que se atribúe título de príncipe
- 10, mortes en Ferrol
  - 2 mortos e máis de 50 feridos
  - día anterior, malleira organizada a obreiros
    - odio popular aos grises
  - o dragón arraña e esgaza

- abr:
- crecemento do butano: 2 camións
- negociacións con subministradores de electrodomésticos para compra en grupo e desconto
- cooperativa de electrodomésticos
  - únense outros cinco → todas as grandes veñen falar con el, ata o 3%
- o feirón vai cubrindo todos os gremios
  - roupa
  - calzado
  - queixos: vistosidade das formas
  - pan e empanadas: recendos gulosos, fartura de broa, trigo e centeo

- mai:
- don Diego e o Fariña collidos in fraganti no cemiterio: vistos desde a porta, sinalando puntos no camposanto
  - eles non o ven

- xuñ:
- o Xoaquín casa cunha ianqui evanxélica, filla de predicador e negociante
  - en Madrid, con moitos amigos católicos convidados
- detectado un movemento raro na vila
  - algún comerciante quéixase de perder negocio e dos inconvenientes de tanto vehículo nos sábados
  - aseguran que teñen o apoio do alcalde

- xull:

- o Xosé remata a carreira
- os feirantes empezan a chegar espontaneamente pola mañá dos sábados
  - cheira a polbo, pan e embutidos xa cedo
  - os turistas precipítanse sobre os produtos e arriman os pratos de madeira ao caldeiro fumegante do polvo, a polbeira corta coas tesoiras, borriña sal e rega con aceite. Nos soportais, as mesas colectivas mesturan veciños da vila con forasteiros e corren as cuncas de ribeiro manchador
  - o alcalde observa o fenómeno e comenta con desprezo "o mal gusto de turistas que se meten en festas de paisanos"
  - pero non actúa
  - algo espera

-21,

- creada a *Sociedad para el Desarrollo Industrial de Galicia*
- Franco inaugura
  - monumento e parque Alonso Vega (morto o ano anterior) en El Ferrol del Caudillo
  - Casa del Mar e Residencia Sanitaria Juan Canalejo (falanxista) na Coruña
- Franco recibe medalla de ouro ao mérito social marítimo
- discurso de mariñeiro: "Su Excelencia es el primer marinero de España"

·ago:

- o ministro que non o é segue cos seus costumes de visita a barbería e tabernas decentes
  - aparece un sábado polo feirón, coa familia, que fai fotos
- ao seguinte sábado, o Fariña déixase ver a hora calculada, coincide con don Manuel e acompañao no percorrido polo feiral, todo simpático para os feirantes
- "apertura": festival da canción
  - o Fariña manexa ministro e Garda Civil para que se poida cantar en galego

-alarma: escapa da doutrina españolista de don Diego ¿→ apertura?

-21, estoura unha bomba nun cuartel da Garda Civil en Basauri

·set:

- Cercado gasoleiro
  - (70...) vende aerosois aos rapaces que fan letreiros
  - non sabe deixar de aguilloar o réxime dos asasinós

·out:

-síntomas de que a Igrexa de Roma vai tomando posicións contra o réxime: bos síntomas: tamén foran republicanos no seu día

·nov:

- 7,8: xuntanza plenaria do consello evanxélico español
  - comunicado confidencial de Cardona: "aínda vivimos na España de Franco"
  - o político e o católico-romano máis ca unidos están confundidos
  - a liberdade relixiosa vén condicionada polos límites que lle impón a confesionalidade do Estado
  - logo de cinco anos de Lei de Liberdade Relixiosa,
    - "toda limitación aplicada ao dereito civil de liberdade foino exclusivamente por salvagardar o chamado 'derecho de la religión de la nacionalidad española'; ou sexa, a favor da Igrexa Católica Romana..."
    - as autoridades recomendan aos "representantes das igrexas peticionarias de actos públicos" aproveitaren "días feriadados por acontecementos políticos e nacionais" e non "festas relixiosas católicas, xa que se producirían obxeccións por parte das autoridades diocesanas"

·dec:



- 4, Franco fai 80 anos
  - editorial de *Arriba*: "Fecha imborrable en los anales del mundo"
- 26, morre Truman: a se ver o que pensase do Paquiño
- fin de ano: visita do mariño (mercante arxentino) Cartea

### 73

- xan:
  - morte da señora Minia
    - compra da ruína da fonda aos irmáns
    - para ser dono das lembranzas
- feb:
  - 3, desartellado o aparello do PCE
- mar:
  - 29, fin da guerra do Vietnam (duraba 8 anos, case 60.000 ianquis mortos)
- abr:
  - o Xosé na mili
    - de pé ao sol mentres dura cerimonia castrense
    - unha vez máis, xuntos todos os disidentes: evanxélicos e ateos
- mai:
- xuñ:
  - 3/8 (?) Franco nomea o Carrero Blanco presidente do goberno
    - houbera terna, e nela estaba o noso ministro (que segue vivo)
  - 20, Perón volve á Arxentina
    - masacre en Ezeiza
- xull:
  - cúmprese o temido:
    - asalto ao cemiterio dos ninguén (entre eles, o Boasnoites, derradeiro enterrado)
      - portalón aberto
      - máquina excavadora
      - traballo con nocturnidade e rapidez
        - máquina de facer regos, pequena, fai sitio para cimentos e nichos
      - ninguén protesta salvo o Valeriano
      - nota de protesta con copia notarial de dezanove enterramentos papeis gardados e xerocopiados
    - don Diego: "una cabra protestante"
    - o Cercado: "¿Quen lle vira os pés a este crego"?
      - a seguridade absoluta de que a moral e a lei non son para todos nin a todos obrigan
    - Terrón de la Marca:
      - "Asunto complicadísimo. Feito con moito cálculo e todos os apoios"
  - ago:
    - dúbidas sobre dirixirse ao ministro, que o ha de entender
      - mellor, seguir curso de papeis: é inconcibible que non poida haber amparo
        - o Cardona está de acordo
    - o Xosé xa se mete el, naturalmente, no negocio
      - teoriza de central de compra versus grandes almacéns
      - fórmase a cooperativa con dezaioito. Almacén conxunto.
  - set:
    - 11, golpe de Pinochet e morte de Allende
      - noticias de masacre de opositores
    - 14, Fraga de embaixador en Londres

- 23/26 (?), Perón presidente coa nova Evita de vice
- 28, creada a Gran Área de Expansión Industrial de Galicia
  - outro invento máis, pero a xente segue a marchar
  - non hai traballo para tanto mozo formado
- out:
  - inauguración e bendición dos nichos do cemiterio
    - non hai resposta á protesta
    - reclamación
      - negación de entrega de copia notarial
  - presentación de novo escrito con xerocopias
- morte do Peso Barato
  - berros na morte (contado polo Xosé, voluntario da Cruz Vermella):
    - “E o que fixen eu, e os que matei”
    - o médico mándalle calar
    - a certeza do Xuízo divino
- 6 a 26, guerra do Yom Kippur (día do perdón)
  - exipcios e sirios atacan Israel durante unha festividade xudía
  - presións dos árabes co petróleo: perigo mundial
- nov:
  - 26, Girón a Ya: “O hacemos nosotros la revolución o la harán los rojos”
- dec:
  - idea de denunciar o caso do cemiterio, de meter xuíces polo medio
    - todo parado polo maior golpe ao dragón na Historia de España
  - 20, asasinato de Carrero
    - Honda conmoción en el país
    - nota do goberno: “Gran patriota, ilustre marino, prudente hombre de estado, ejemplo de lealtad y fidelidad” (a Franco. ¿Que pensaría o ministro defenestrado?)
    - temeuse un endurecemento, unha volta atrás
    - Jaime de Andrade viu que todo se lle viña abaixo
    - OLLO: compañeiros ausentes que non viran isto
      - Mandianes
    - opinión do fillo: a ETA non estivo soa. A CIA é inmensamente poderosa
    - silencio de catacumbas
    - oración para que non se desate a barbarie das represalias
  - 21, o “príncipe” preside o enterro do almirante
  - intervencións dos cónsules
    - Coruña
    - Vigo

## 74

- xan:
  - a Clara vaise aos EE.UU.
- feb:
  - 12, Arias Navarro, con bigotiño fascista, fai discurso aperturista nas Cortes
  - 24, pastoral do Añoveros, bispo de Bilbao: *Cristianismo, mensaje de salvación para los pueblos*
    - o goberno propón expulsar o Añoveros
      - tensión Igrexa-Estado → a mudanza aproxímase
  - o Xosé a traballar para a casa
    - pensa en cooperativas, fala do País Vasco e da Dinamarca como “paradigmas”
    - di que, cando haxa liberdade, España entrará no Mercado Común Europeo

- mar:
  - 2, executado Salvador Puig Antich
    - garrote vil: alma dura a dos verdugos
- abr:
  - 25, revolución en Portugal
    - os militares contra a dictadura
      - o Xosé fala de que hai militares demócratas en España (ou que, polo menos, entenden a necesidade de respiro)
    - como se verá a liberdade na outra banda do río
      - saudade do tempo en que Portugal era republicano e España monárquica
- mai:
  - visita da parella de rapaces arxentinos
- xuñ:
  - xull:
    - 1, morre Perón
    - 9, Su Excelencia el Jefe del Estado, Generalísimo Franco, ingresa na residencia Francisco Franco aqueixado de tromboflebite nunha perna
    - 19, ante a gravidade da doenza de Su Excelencia, aplícase o artigo 11 da Lei Orgánica do Estado, pola que o príncipe Juan Carlos asume interinamente a xefatura do Estado
      - debilidade dun sistema que se sustenta nun velliño
        - xogo de transición
        - fálase de organizacións de partidos
          - Xunta Democrática de Galiza
    - 26, comeza a emitirse Panorama de Galicia desde Santiago
      - aparencia de normalidade
- 
- ago:
  - set:
    - 13, atentado na cafetería Rolando
  - out:
    - nov:
      - dec:
        - 11, multa de 25.000 pts. do goberno civil da Coruña a Voces Ceibes
          - vello sistema do pau, vixente
        - novas da Arxentina: visita de rapaces novos, parella evanxélica aparentemente feliz, enviada polo Amós Balboa
          - visión da desfeita do cemiterio

## 75

- xan:
  - 3, a Unión do Pobo Galego (que soa a moito) asina a “declaración de Brest” con outras forzas nacionalistas europeas
  - 21, varios sacerdotes detidos en Navarra polas súas homilías sobre a situación de España
  - don Diego prega, violento, erguendo a cabeza e o dedo, contra eles
- feb:
  - outro camión de butano
- mar:
  - viaxe á Arxentina, en avión
    - a grandiosidade arxentina do país con todos os climas
      - a selva
      - o altiplano
      - as pampas
      - a Patagonia e o xeo
        - nunca tan preto de Deus
    - encontros

- Maruja
- Sergio: Maran ata no medio da pampa
- a Maruxa
- o irmán incrédulo dos avances de España

·abr:

- 25, constituída na clandestinidade unha Asemblea Popular de Galicia
- 26, estado de excepción en Guipúscoa e Biscaia
- 30, caeu Saigón

·mai:

- sensación de que a fin se aproxima
- medo ao dragón

·xuñ:

·xull:

·ago:

- proposta para alcalde da dona do ministro
  - o papahostias adúlador non funciona
    - “Para alcalde” (¿suxestión do ministro? ¿De don Xosé? ¿Dos dous?)
  - resposta galante, como correspondía a tan alta dama:
    - “Un industrial coma min tería problemas de ser honrado e parecelo”
    - “Pénseo, pero non dubide por razóns de relixión”
- 12, a policía mata en Ferrol o nacionalista Moncho Reboiras
  - ¿que pensarán os vellos galeguistas da Arxentina?
  - algo máis cá arma da canción

·set:

- 11, xuízo contra membros de ETA e FRAP
- 26, confirmadas cinco penas de morte
- 27, fusilamentos
  - cinco mozos fusilados
    - de novo a lembranza do horror imaxinado: o da morte diante do pelotón
  - campaña internacional contra o réxime
  - Franco, duro de corazón cando a sombra da Parca non deixaba de cubri-lo, fai caso omiso á campaña internacional en contra da barbaridade
    - grande manifestación de adhesión na Praza de Oriente
    - ministro de Info: “España y su gobierno no han perdido la calma. Si tal era el propósito de los promotores de la campaña desarrollada en el exterior”
    - o Jaimito, coma unha pasa, vaise matando (notas para a novela que non se escribiu: ¿que faría o vello con iso? Sospeita: a Mercedes queimou os papeis. O medo é grande, enche o país, éntranos polos poros da pel. Hei falar con ela porque non creo que don Carlos se desfixese das súas notas)

·out:

- 16,
  - o tribunal internacional de xustiza ratifica os plans conxuntos de España e a ONU para o referendo de autodeterminación do Sahara,
  - Franco anda mal do corazón (ten un corazón que bateu de máis)
- 21, comunicado da Casa Civil de Su Excelencia: “Franco ha sufrido una insuficiencia coronaria aguda”
- 26, Franco sofre unha hemorraxia gástrica

-30, o peiele Borbón asume a xefatura do Estado  
-oración por que o edificio non se veña abaixo e esmague o pouco que temos, incluso as catacumbas

·nov:

- 2, o príncipe visita as garnicións españolas no Sahara
- 3, operación de urxencia a Franco no botiquín de El Pardo
- 6, comeza a "marcha verde" sobre o Sahara
  - malia os tradicionais lazos de amizade hispano-marroquí, Hassan II fai avanzar 350.000 mouros civís e 20.000 soldados, que paran diante dun campo de minas español, co exército á espera do que facer
  - os ianquis permiten a falcatruada mouruna
- 7, segunda operación a Franco, en La Paz
- 9, Hassan II anuncia a retirada da "marcha verde"
- 14,
  - Franco sometido a terceira operación (non o queren deixar morrer)
  - o goberno español claudica: asina en Madrid os acordos de reparto do Sahara con Marrocos e Mauritania. Cede administración pero non soberanía do Sahara Occidental
    - entrega efectiva, pois os marroquís van afogar os saharauís
    - no fondo, os fosfatos e a posición estratéxica.
- 20, de madrugada: apágase a cerillita
  - Deus lle teña perdoado cantas fixo
    - aínda que é de dubidar que se arrepentise
  - FRANCO HA MUERTO. El óbito se produxo a las 4.40 de la madrugada
  - silencio e incertidume
  - horas a tentar traballar coa mente en branco
    - o mundo seguiría a xirar arredor do sol, pero nunha parte pequena dese mundo, mesmo o sol adiviñábase diferente tras das nubes
  - o Xosé facía chamadas telefónicas en voz baixa, e tiña cara de estar noutro mundo
  - o Cercado: "Imos ao Leonardo, que nunca con tanto gusto paguei unhas cuncas"
  - nesa tarde, magna xuntanza de todos os fieis da vila, incluídos o Clemente e o seu suposto varredor de piso, o Terrón
  - responso do Makarios